



DATOS IDENTIFICATIVOS

Políticas económicas

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Políticas económicas | | | |
| Código | O04G020V01405 | | | |
| Titulación | Grao en Administración e Dirección de Empresas | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 2 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán Galego | | | |
| Departamento | Economía aplicada | | | |
| Coordinador/a | Molina Abrales, Antonio | | | |
| Profesorado | Molina Abrales, Antonio | | | |
| Correo-e | molina@uvigo.es | | | |
| Web | http://moovi.uvigo.gal | | | |
| Descrición xeral | Esta materia proporciona aos alumnos unha visión das principais políticas económicas de curto prazo aplicadas nos últimos anos. Para elo se estudan os principais obxectivos de estabilización coxuntural, as características das ferramentas monetarias, fiscais, comerciais, cambiarias e as políticas sectoriais máis relevantes. | | | |

Resultados de Formación e Aprendizaxe

| | |
|--------|---|
| Código | |
| B1 | Capacidade de análise e síntese |
| B2 | Pensamento crítico e autocrítico |
| B5 | Habilidades de comunicación oral e escrita |
| B8 | Comunicarse con fluidez no seu entorno, incluíndo competencias interpersoais de escoita activa, negociación, persuasión e presentación |
| B9 | Capacidade de actuación eficaz dentro dun equipo de traballo |
| B13 | Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo |
| B14 | Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado |
| C2 | Posuír e comprender coñecementos sobre as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais a respecto de como funciona a economía |
| C12 | Solucionar de maneira eficaz problemas e tomar decisións utilizando métodos cuantitativos e cualitativos apropiados, incluíndo entre eles a identificación, formulación e solución dos problemas empresariais |
| C13 | Mobilidade e adaptabilidade a entornos e situacións diferentes |
| C14 | Elaborar os plans e políticas nas diferentes áreas funcionais das organizacións |
| C16 | Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante |
| D1 | Xestión persoal efectiva en termos de tempo, planificación e comportamento, motivación e iniciativa tanto individual como empresarial |
| D5 | Motivación pola calidade e mellora continua |

Resultados previstos na materia

| | | | |
|---|---------------------------------------|-----|----|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
| Ser capaces de identificar os principais agregados que definen os obxectivos de política económica e as políticas para alcanzalos, distinguindo entre políticas macro e microeconómicas. Ademais, os alumnos/as han de comprender o papel do diñeiro e das institucións monetarias, así como os mecanismos de transmisión da política monetaria nunha economía pechada e nunha economía aberta con diferentes réximes cambiarios. | B1 | C2 | D1 |
| | B2 | C12 | D5 |
| | B5 | C13 | |
| | B8 | C16 | |
| | B9 | | |
| | B13 | | |
| | B14 | | |

| | | | |
|---|--|--------------------------------|----------|
| Ser capaces de analizar e discutir as recentes decisións de política económica que levaron a cabo as diferentes institucións públicas e en que medida as crises económicas condicionan tales decisións e limitan os seus efectos. | B1 B2 B5 B8 B9 B13 B14 | C2 C12 C13 C14 | D1 D5 |
| Comprender os efectos e limitacións da política fiscal. | B1 B2 B5 B8 B9 B13 B14 | C2 C12 C13 C14 C16 | D1 D5 |
| Ser capaces de interpretar os informes das principais institucións económicas relativos á política económica e analizar os principais datos que ofrecen as estatísticas económicas relativas a estos temas. | B1 B2 B5 B8 B9 B13 B14 | C2 C12 C13 C14 C16 | D1 D5 |

Contidos

| Tema | |
|----------------------------------|---|
| Introducción | Conceptos básicos. Tipoloxía de políticas. Restricións da Política Económica. |
| Obxectivos de Política Económica | Principais obxectivos da política económica: crecemento económico, redistribución da renda, emprego e estabilidade de prezos. |
| Política monetaria | Institucións. Variables e relacións monetarias. Instrumentos de política monetaria e mecanismos de transmisión. Experiencias de política monetaria. |
| Política orzamentaria | Bases teóricas. Instrumentos de política fiscal. Déficit público e débeda pública. |
| Política económica exterior | O equilibrio externo. Instrumentos de política exterior. A política económica nunha economía aberta. |
| Políticas microeconómicas | Política de la competencia. Política de I+D+i |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---------------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral | 26 | 52 | 78 |
| Prácticas con apoio das TIC | 15 | 23 | 38 |
| Seminario | 5 | 25 | 30 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-----------------------------|--|
| Lección maxistral | Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante. |
| Prácticas con apoio das TIC | Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvolveranse no laboratorio informático. |
| Seminario | Actividades enfocadas ao traballo sobre temas específicos, que perminten afondar nos contidos da materia. A súa principal finalidade é ser complemento das clases teóricas. Desenvolveranse en aulas de tamaño reducido. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-----------------------------|---|
| Seminario | Os seminarios desenvolveranse nos Grupos Pequenos, polo que a interacción entre os alumnos e o profesor será frecuente. |
| Prácticas con apoio das TIC | As prácticas de laboratorio desenvolveranse nos Grupos Medianos no laboratorio informático. O profesor supervisará o traballo realizado polos alumnos no ordenador. |

| Avaliación | | | | | |
|---------------------------------------|---|---------------|---------------------------------------|-----|----|
| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
| Prácticas con apoio das TIC | Entrega de prácticas de laboratorio realizadas nos grupos GM. Haberá que entregar unha selección delas na plataforma de teledocencia Moovi. | 20 | B1 | C12 | D1 |
| | | | B2 | C13 | D5 |
| | | | B5 | C14 | |
| | | | B8 | C16 | |
| | | | B9 | | |
| | | | B13 | | |
| | | | B14 | | |
| Seminario | Entrega de exercicios realizados nos grupos GP. Haberá que entregar unha selección deles na plataforma de teledocencia Moovi. | 10 | B1 | C12 | D1 |
| | | | B2 | C13 | D5 |
| | | | B5 | C14 | |
| | | | B8 | C16 | |
| | | | B9 | | |
| | | | B13 | | |
| | | | B14 | | |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Probas que inclúen preguntas abertas sobre un tema. Os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta argumentada. Haberá dúas probas: unha hacia a metade do cuadrimestre e a outra ao final do mesmo que valerán un 35% cada unha. | 70 | B1 | C2 | D1 |
| | | | B2 | C13 | D5 |
| | | | B5 | C14 | |
| | | | B13 | | |
| | | | B14 | | |

Outros comentarios sobre a Avaliación

- Primeira oportunidade:

Haberá dúas posibilidades de avaliación:

Opción A: A modalidade de avaliación preferente será a avaliación continua. Anunciarase ao comezo da docencia da materia un cronograma onde aparecerán as datas das distintas probas de avaliación continua.

Os alumnos que se acollan ao sistema de avaliación continua terán a obriga de colocar unha fotografía tipo carné en Moovi antes da primeira proba de avaliación e de acceder regularmente á plataforma de teledocencia, para estar así ao corrente das novidades que se produzan.

O sistema de avaliación por defecto será a avaliación continua. Aqueles estudantes que desexen a avaliación global (100% da cualificación no exame oficial) deben comunicalo ao responsable da materia por email dende o 29 de xaneiro ao 29 de febreiro inclusive.

Opción B (avaliación global): O estudante será avaliado mediante a realización dun exame final de carácter escrito na data oficialmente establecida coas seguintes ponderacións: proba de preguntas de desenvolvemento (70%) e proba de resolución de exercicios (30%).

Recuperación: 2ª oportunidade (xullo 2024)

Novamente haberá dúas posibilidades de avaliación:

Opción A: Os estudantes que se acolleran ao sistema de avaliación continua poderán conservar as notas da parte de exame de preguntas de desenvolvemento (70%), prácticas con apoio das TIC (20%) e seminario (10%).

Os alumnos poderán subir nota nunha ou en ambas partes: Proba de preguntas de desenvolvemento (70%) e proba de resolución de exercicios (30%). A proba de resolución de exercicios (30%) e un exame de recuperación que substitúe á parte práctica entregable na avaliación continua (prácticas con apoio das TIC (20%) e seminario (10%)).

Opción B (avaliación global): Os alumnos que elixiron a avaliación global na 1ª oportunidade poderán realizar unha proba de preguntas de desenvolvemento (70%) e unha proba de resolución de exercicios (30%).

- Convocatoria Fin de Carreira:

O alumno que opte por examinarse en fin de carreira será avaliado unicamente cun exame teórico-práctico que valerá o 100% da nota.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes edicións son as especificadas no calendario de probas de

avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso académico actual. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina Web da FCETOU.

É necesario traer o DNI ou documento análogo cando teña lugar a realización dos exames. O incumprimento deste requisito pode ter como consecuencia que o alumno non realice o exame en cuestión.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Cuadrado Roura, J. R. (dir), **Política económica. Elaboración, objetivos e instrumentos**, 6ª edición, McGraw Hill, 2019

Bibliografía Complementaria

Fernández Díaz, A., Parejo Gámir, J. A., Rodríguez Sáiz, L., **Política Económica**, 4ª edición, McGraw Hill, 2011

Blanchard, O., Dell'Ariccia G., Mauro P., **Rethinking Macroeconomic Policy**, IMF Staff Position Note, 2011

García Reche, Andrés (coord), **Política Económica Sectorial y Estructural**, Tirant lo Blanch, 2003

Krugman, P., Obstfeld, M., Melitz, M. J., **Economía internacional : teoría y política**, 10ª edición, Pearson Educación, 2016

Mankiw, N. Gregory, **Macroeconomía**, 10ª edición, Antoni Bosch, 2020

Motta, M., **Competition Policy: Theory and Practice**, Cambridge, 2004

Cuervo A., Rodríguez L., Calvo A., Parejo, A., **Manual del sistema financiero español**, 25ª edición, Ariel. Economía y Empresa, 2014

Scheller, H., **El BCE: historia, misión y funciones**, BCE, 2006

Banco Central Europeo, <http://www.ecb.int>,

Banco de España, <http://www.bde.es>,

Eurostat, <http://epp.eurostat.ec.europa.eu/portal/page/portal/eurostat/home>,

Instituto Nacional de Estadística, <http://www.ine.es>,

Core, el equipo de, **La economía**, Antoni Bosch, 2020

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Macroeconomía/O04G020V01404

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía: Economía española e mundial/O04G020V01201

Economía: Microeconomía/O04G020V01101

Historia: Historia económica/O04G020V01103

Outros comentarios

- É aconsellable ter coñecementos básicos sobre o manexo de follas de cálculo (por exemplo Excel).

- Por razóns pedagóxicas é altamente recomendable a asistencia regular a clase. Neste sentido, recoméndase ao alumno o sistema de avaliación continua. Sen dúbida, a asistencia regular ás clases fará que a dificultade de superar a materia sexa notablemente máis baixa.